



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Como traballar a educación emocional infantil

CONVOCATORIA: Curso monográfico Como traballar a educación emocional infantil

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 22/09/2017 - 08:00h ao 03/10/2017 - 23:00h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Achegar un coñecemento práctico para comprender e desenvolver a educación emocional infantil. O curso baséase nos fundamentos das emocións e a xestión emocional como algo que se aprende nas relacións de coidado (especialmente no ámbito afectivo familiar e educativo) e que é a base da seguridade emocional necesaria para un adecuado desenvolvemento psicosocial. Unha parte práctica importante do curso ten que ver con recursos e actividades grupais infantís para potenciar as competencias socioemocionais.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Dado o seu carácter práctico resulta especialmente aconsellable para psicólogos, pedagogos, persoal das escolas infantís, educadores/as ou auxiliares coidadores/as e outros profesionais relacionados coa educación infantil, máis aínda para aqueles que traballen con nenos en risco ou con necesidades especiais.

PROGRAMA

A través dunha metodoloxía moi práctica e dinámica, este curso centra as súas accións nos seguintes contidos:

A) Apego, conexión emocional e seguridade.

- A seguridade emocional e o seu desenvolvemento na infancia.
- "Non se pode non emocionarse". Tipos de emocións e comunicación infantil.
- O funcionamento intrapersonal e interpersonal das emocións, círculos viciosos positivos e negativos das emocións.
- Fundamentos para traballar con nenos e nenas que teñen dificultades emocionais.

B) Educar dende as emocións – educar dende os afectos.

- Principios da intelixencia emocional.
- A importancia de xerar un vínculo co neno/hena no contexto educativo.
- A educación positiva e as emocións.
- A persoa do profesional que traballa na educación infantil.

C) Recursos e actividades para potenciar as competencias socioemocionais na infancia.

- Estratexias e ferramentas para educar dende as emocións.
- Recursos e actividades.
- Práctica guiada e exercicios grupais.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia na selección o persoal empregado das administracións públicas de Galicia e establecerase o número de orde de acordo a data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo a novas.egap@xunta.gal, achegando, no seu caso, a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non acompañen a devandita certificación ou que sexan recibidas con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 3 de outubro de 2017.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 09/10/2017 a 11/10/2017

NUM. PRAZAS: 60

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

VALENTÍN ESCUDERO CARRANZA

ATALAIA SOCIAL SLNE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 09 de outubro de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SALA DE EXPOSICIÓNS: O día 11 de outubro de 16:00 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 10 de outubro de 16:00 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA